

OPPENHEIMER

Christopher Nolan, 2023

1142

ESTREA EN NUMAX: 21.07.2023 | V.O.S.E. | +18 | 180 min

16 de xullo de 1945, no deserto de Novo México detónase en segredo a primeira bomba atómica. En tempos de guerra, o brillante físico estadounidense Julius Robert Oppenheimer, á fronte do Proxecto Manhattan, lidera os ensaios nucleares para construír a bomba atómica.

Impactado polo seu poder destrutivo, Oppenheimer cuestiónase as consecuencias morais da súa creación. Desde entón e durante o resto da súa vida, oporíase firmemente á guerra nuclear e á aínda máis destrutiva bomba de hidróxeno.

«Un filme denso, sonoro e tenso sobre a bomba, pero sobre todo sobre o condenados que estamos»

Jonathan Dean, THE SUNDAY TIMES



Conversa entre Christopher Nolan e Cillian Murphy: «Foi emocionante e aterrador»

Por Clark Collis

Nolan: Ninguén sabía a que andaba, ninguén sabía que estaba facendo. Poder coller o teléfono, chamarte e dicirche: “Chegou o día, vas levar o peso do filme e demostrar o que de verdade podes facer” foi honestamente un dos meus momentos favoritos no mundo do cinema.

Murphy: Foi un dos mellores días da miña vida, a verdade. Sempre estarei para Chris, sexa cal sexa o papel, pero, en secreto, é un soño interpretar un papel principal. O caso é que eu non tiña nin idea. Non houbo un preámbulo nin nada así, só recibín a chamada. Así que foi incrivelmente emocionante, intimidante e aterrador, todo ao mesmo tempo.

Nolan: Si, e iso foi antes de que leras o guión que probablemente non o fixo menos intimidante.

Murphy: Direino, é o mellor guión que lin na miña vida, iso seguro.

Nolan: Voei a Dublín para darche o guión, líchelo na miña habitación do hotel, marchei para ver unha instalación de Francis Bacon na Hugh Lane Gallery e volví. Produceme verdadeira curiosidade se o feito de que o guión estivese escrito en primeira persoa contribuíu ao sentimento de responsabilidade que ías ter ao asumilo.

Murphy: Si, moitísimo. É o único guión que lin que estivese escrito en primeira persoa. Levoume un minuto, igual algo máis dun minto, dar-me conta. Pero despois foi claro que o que querías ti era que fose completamente subxectivo. Todo tiña que verse a través dos ollos do personaxe e, de novo, si, iso aumentou o medo. Pero cando é Christopher Nolan, cres ao 100% na súa visión, como eu sempre fixera.

Nolan: A rodaxe foi rápida, frenética e eficaz. Hoyte (Van Hoytema, o director de fotografía habitual de Nolan) e eu – desde o punto de vista técnico – volvemos a un punto anterior das nosas carreiras, no que non tiñamos steadicam, nin playback, nin monitores. Abordámolo dunha maneira moi sinxela e iso deunos unha enerxía increíble. Penso que encaixaba moi ben coa natureza da obra no seu conxunto. Aínda que Oppenheimer está no centro, tiñamos un conxunto increíble de actores que aportaban moito e realmente queríamos ser capaces de movernos rápido, saltar dun lado a outro e capturar calquera cousa que xurdise.

Murphy: Todos os días chegaban actores fenomenais, que son heroes para min. Cada día tiña que mellorar para traballar con esas lendas. Todo o mundo estaba incrivelmente ben preparado.

Nolan: Estaba pensando que isto incluso aplica para os extras. Estabamos no auténtico Los Alamos e tiñamos un montón de científicos de verdade como extras. Necesitabamos que os extras reaccionasen e improvisasen e dábannos discursos improvisados e moi educados. Era moi divertido escoitalos, pensaban nas implicacións xeopolíticas das armas nucleares e sabían moito sobre iso. Foi un gran recordatorio todos os días de que tiñamos que tiñamos que ser fieis á historia e saber o que estabamos facendo.



Na librería
NUMAX
numax.org/libreria

Christopher Nolan,
Ian Nathan.
Timun Mas, 2022

Prometeo americano,
Kai Bird e
Martin J. Sherwin.
Debate, 2023

Hiroshima,
John Hersey.
DEBOLSILLO, 2016